



¿A QUEN VAN DIRIXIDOS OS CURSOS?

As accións formativas diríxense prioritariamente ás persoas socias e/ou traballadoras de cooperativas pero tamén a calquera persoa interesada nesta formación.

O curso de FOMENTO COOPERATIVO está dirixido especificamente a técnicos da oficina de fomento cooperativo e das entidades adheridas á Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social. No caso de existir prazas vacantes, tamén poderán participar outros axentes intermedios.



CÁNDO PODO REALIZAR OS CURSOS?

As accións formativas desenvolveranse de novembro de 2013 a febreiro de 2014.



¿OS CURSOS TEÑEN ALGÚN CUSTE?

Non, son totalmente gratuítos.

Se dispoño de pouco tempo, ¿poderei seguir os cursos?

A modalidade de teleformación está pensada para facilitar ao alumnado o seguimento dos cursos xa que non teñen horarios ríxidos, nin esixe apenas desprazamentos. Cóntase cunha titorización personalizada que acompaña o proceso formativo. Os períodos establecidos son amplos e suficientes para poder abordar a materia, aínda en períodos de moita carga de traballo e pouca dispoñibilidade para a formación.



¿ONDE PODO INSCRIBIRME?

As persoas interesadas en participar nos cursos poden formalizar a matrícula dende calquera equipo informático con conexión a internet, na seguinte páxina web:

<http://www.teleformacioncooperativa.com>.



¿ONDE PODO OBTEN MÁIS INFORMACIÓN?

Consello Galego de Cooperativas
Edificio Administrativo San Lázaro,
Consellería de Traballo e Benestar, 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 881 999 268 - 654 728 621
www.cooperativasdegalicia.coop



A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social pon en marcha novas edicións de cursos de formación e desenvolvemento cooperativo orientado a atender ás necesidades formativas detectadas nas persoas sociais e traballadoras das cooperativas galegas.

O obxectivo destes cursos, que se desenvolverán a través da plataforma de teleformación do Consello Galego de Cooperativas, é poñer a disposición dos cooperativistas e interesados en xeral, unha oferta formativa en materia cooperativa que contribúa a ampliar os coñecementos sobre a propia fórmula empresarial e sobre outras materias claves para o seu bo funcionamento. Préstase especial atención á mellora da xestión cooperativa, tanto na súa vertente empresarial como na societaria, ao tempo que se procura achegar as tecnoloxías da información e a comunicación ás cooperativas galegas.

ACCESO Á TELEFORMACIÓN

Destinado a familiarizar ao alumnado coa plataforma de teleformación na que se van a desenvolver os cursos. Contará con titoriais que amosarán o funcionamento das ferramentas da aula virtual, e unha persoa para acompañamento e solución de dúbidas.

QUÉ CURSOS SE PODEN REALIZAR?

HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS EN COOPERATIVAS

2ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade mixta: teleformación e sesións presenciais.

- Coñecerás o fundamento, uso e vantaxes das habilidades sociais nas distintas relacións interpersoais na vida cooperativa.
 - Practicarás as habilidades cognitivas, emocionais, verbais e non verbais que axudan a mellorar as condutas sociais.
- Realizarás prácticas adaptadas á realidade da empresa cooperativa.

PLANEAMENTO ESTRATÉXICO

2ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Analizarás as características da túa empresa e a súa contorna.
- Achegaraste ás distintas ferramentas de xestión empresarial.
- Identificarás os elementos claves para a definición da estratexia empresarial.
- Desenvolverás un esquema base para o deseño periódico do planeamento estratéxico nas cooperativas.
- Incrementarás a túa capacitación no rol empresarial.

FORMACIÓN COOPERATIVA BÁSICA

3ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Obterás unha visión xeral das particularidades e peculiaridades dunha cooperativa, así como dos aspectos claves para o seu bo funcionamento.
- Coñecerás os valores éticos, a historia e o marco legal da empresa cooperativa.
- Realizarás prácticas adaptadas á realidade da empresa cooperativa.

MARKETING/COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS/SERVIZOS

2ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Aprenderás a orientar a túa empresa ao mercado. Farás análises sobre o contorno e previsión de distintos escenarios.
- Achegaraste ás ferramentas de análise de mercados. Coñecerás os distintos modelos de determinación de prezos, elaboración de campañas de publicidade...
- Adquirirás pautas para a elaboración do plan de márketing dunha cooperativa.

MULLER COOPERATIVISMO E IGUALDADE DE XÉNERO

2ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Coñecerás os presupostos teóricos da igualdade e a súa aplicabilidade no ámbito das cooperativas ou organizacións.
- Coñecerás ferramentas concretas que sirvan para profundizar na igualdade no ámbito das cooperativas: plans de igualdade, medidas de conciliación, medidas de acceso da muller a cargos directivos, utilización dunha linguaxe non sexista, etc.
- Identificarás actitudes e habilidades non discriminatorias, para a incorporación da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de actuación propios do quefacer das cooperativas.

FORMACIÓN COOPERATIVA EN XESTIÓN E DIRECCIÓN

1ª edición de 50 horas de duración. Modalidade mixta: teleformación e sesións presenciais.

- Fortalecerás as habilidades de planeamento e xestión das persoas que desenvolven a función xerencial e directiva das cooperativas.
- Desenvolverás competencias/habilidades necesarias para unha boa xestión e dirección das empresas en xeral e das empresas cooperativas en particular.
- Realizarás prácticas adaptadas á realidade da empresa cooperativa.

RESPONSABILIDADE SOCIAL DAS COOPERATIVAS

2ª edicións de 30 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Coñecerás que é a responsabilidade social e cal é a súa relación cos principios cooperativos. Identificarás a información ligada ao propio funcionamento dunha cooperativa que resulta útil para dar a coñecer o seu compromiso coa sociedade.
- Distinguirás os diferentes modelos que existen para certificar e validar as actuacións socialmente responsables das cooperativas.
- Realizarás prácticas adaptadas á túa cooperativa ou organización.

FOMENTO COOPERATIVO

2ª edicións de 50 horas de duración. Modalidade de teleformación.

- Obterás unha visión integral e práctica das características das cooperativas, das súas oportunidades e potencialidades para o emprendemento e a creación de emprego, das estruturas e estratexias de dinamización, etc.
- Coñecerás os incentivos, medios, recursos e ferramentas existentes para a promoción desta fórmula empresarial.



1 FORMACIÓN COOPERATIVA BÁSICA

2 FORMACIÓN COOPERATIVA EN XESTIÓN E DIRECCIÓN

3 HABILIDADES SOCIAIS BÁSICAS EN COOPERATIVAS

4 MARKETING/COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS/SERVIZOS

5 RESPONSABILIDADE SOCIAL DAS COOPERATIVAS

6 PLANEAMENTO ESTRATÉXICO

7 MULLER COOPERATIVISMO E IGUALDADE DE XÉNERO

8 FOMENTO COOPERATIVO